

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 26 DE SETEMBRO DE 2024.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e cinco minutos do 26 de setembro de 2024 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP) Alcalde.
D^a MARILUZ EXPÓSITO PÉREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D FRANCISCO JAVIER POUSA CARRERA (PP).
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (PSOE)
D LUIS GULÍN IGLESIAS (PSOE)
D XURXO GÓMEZ ALONSO (BNG)
D^a MARIA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RENC)

Alcalde.- Boa tarde a todos e todas, á corporación e as persoas que nos acompañan. Testimoniar o recoñecemento da corporación e o noso máis sentido pesame ás familias de dona Mercedes Alvarez López, arquitecta do concello ,e ao que foi concelleiro desta corporación don José Luis García Casasnovas.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMAS SESIÓNS CELEBRADAS: ORDINARIA DE 22 DE XULLO DE 2024.

Non formulándose observacións fica aprobada por asentimento.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 26 de xuño; tres; unha, sobre aprobación de proxecto; unha, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 29 de xullo; tres; unha, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre delegación de funcións.

Do 30 de xullo; dez; cinco, sobre aboamentos; dúas, sobre contratos; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación.

Do 31 de xullo; vinte e unha; dezaioito, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; unha, sobre permiso de enterramento.

Do 1 de agosto; dez; unha, sobre aboamentos; seis, sobre alta no padrón de habitantes; tres, sobre liquidación plusvalía.

Do 2 de agosto; seis; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre devolución de garantía, unha, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio; unha, sobre adxudicación de contrato; unha, sobre xustificación de contrato; unha, sobre concesión de vacacións;

Do 5 de agosto; catro; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre concesión de vacacións; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 6 de agosto; catorce; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre recoñecemento de antigüidade; unha, sobre adxudicación de venda forzosa; dúas, sobre lista de reserva; dúas; sobre bonificación IVTM +25; catro, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; unha, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 7 de agosto; cinco; unha, sobre venda forzosa; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre prórroga comunicación previa de obras; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre anulación decreto ofertas.

Do 8 de agosto; nove; unha, sobre permiso familiar 2º grao; unha, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio; seis; sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre concesión de vacacións.

Do 9 de agosto; tresce; unha, sobre denegación excendencia; unha, sobre recurso estabilización de emprego; cinco, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre recoñecemento de antigüidade; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; tres; sobre fraccionamento de débeda.

Do 12 de agosto; sete; unha, sobre contrato de subministro; dúas, sobre nomeamento tribunal; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre licenzas ou permisos de persoal; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros.

Do 13 de agosto; dez; dúas, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; dúas, sobre concesión de vacacións; dúas, sobre fraccionamento de débeda; unha, aprobación bases S. Conciliación; dúas, sobre devolución de ingresos indebidos; unha, sobre liquidación plusvalía.

Do 14 de agosto; sete; unha, sobre estabilización de emprego; tres, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; unha, sobre fraccionamento de débeda.

Do 20 de agosto; cinco; unha, sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre baixa IBI; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre concesión de bono natalidade.

Do 21 de agosto; unha, sobre adxudicación de contrato.

Do 22 de agosto; cinco; unha, sobre cambio de taxi; unha, sobre cambio de titularidade de licenza; unha, sobre desestimación recurso; dúas, sobre ampliación horario ocio nocturno.

Do 23 de agosto; seis; tres, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre ampliación horario ocio nocturno.

Do 26 de agosto; sete; dúas, sobre recoñecemento de antigüidade; unha, sobre renuncia a contrato; dúas, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre aboamentos; unha, sobre concesión de bono natalidade.

Do 27 de agosto; catro; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; dúas, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre cambio de titularidade de licenza; unha.

Do 28 de agosto; tres; unha, sobre transacción VEGO; unha, sobre exp. de contratación; unha, sobre horario apertura instalacións deportivas.

Do 29 de agosto; seis; unha, sobre inicio exp. de contratación; dúas, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre permiso de enterramento; dúas, sobre concesión de vacacións.

Do 30 de agosto; oito; unha, sobre concesión de bono natalidade; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre prestación de servizos sociais; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; tres, sobre lista de reserva.

Do 2 de setembro; dezaioito; dezaseis, sobre prestación de servizos sociais; dúas, sobre lista de reserva.

Do 3 de setembro; catro; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre cambio taxi; unha, sobre recoñecemento de antigüidade.

Do 4 de setembro; doce; dúas, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre recoñecemento de antigüidade; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre obrigas incumpridas xestión de biomasa; dúas, sobre fraccionamento de débeda; dúas, sobre bonificación IVTM +25; unha, sobre responsabilidade patrimonial.

Do 5 de setembro; vinte e oito; dúas, sobre ampliación horario ocio nocturno; unha, sobre lista de reserva; dúas, sobre concesión de vacacións; vinte e tres; sobre aboamentos.

Do 10 de setembro; catro; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre licenza de taxi; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do do 11 de setembro; cinco; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre denegación de asuntos propios; unha, sobre estabilización de emprego; unha, enterramento; unha, sobre alta no padrón de habitantes.

Do 12 de setembro; catro; unha, adxudicación de contrato; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio.

Do 13 de setembro; seis; tres, sobre concesión de vacacións; unha, sobre licenza de autotaxi; unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida; unha, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 16 de setembro; catro; unha, sobre recoñecemento de antigüidade; unha, sobre lista de reserva; unha, sobre cambio de titular de vado; unha, sobre adxudicación de contrato.

Do 18 de setembro; sete, sobre aboamentos.

Do 23 de setembro; dezaseis; dúas, sobre concesión de vacacións; cinco, sobre liquidación taxa servizo de ext. incendios, salvamento e outros; dúas, sobre alta no padrón de habitantes; unha, sobre remisión de documentación; unha, sobre representación contencioso; unha, sobre orde de execución de obras de conservación en edificación; unha, sobre permiso de enterramento; tres, sobre a eficacia da comunicación previa de obras.

Do 24 de setembro; seis; unha, sobre permiso de enterramento; unha, sobre concesión de licenza de vado; dúas, sobre concesión servizo de teleasistencia ou axuda a domicilio; unha, licenzas ou permisos de persoal; unha, sobre prórroga comunicación previa de obras.

Do 26 de setembro; catorce; catro; sobre aboamentos; unha, aprobación plano; dúas, sobre concesión de vacacións; unha, sobre cambio de titularidade de licenza; unha, sobre aprobación de sobre lista de admitidos; unha, sobre nomeamento tribunal; dúas, sobre a eficacia da comunicación previa de obras; unha, desestimación recurso de reposición; unha, sobre tarxeta de estacionamento mobilidade reducida.

3.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2024.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.2/2024 na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º CREDITOS NECESARIOS:

- ***Suplementos de Credito***

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
160.61900	0	111.482,71	111.482,71	Limpeza e reparación da E.B.A.R. Extramuros
334.48900	20.150	15.000	35.150	Otras Transferencias.
459.21300	16.754,79	15.000	31.754,79	Maquinaria instalacións e utillaxe
920.22200	22.987,99	15.000	37.987,99	Servicio de telecomunicacions
920.22400	20.000	2.000	22.000	Primas de Seguros.

RESUM O

<i>Tota credits extraordinarios e suplementos de crédito</i>	<i>158.482,71</i>
<i>Total créditos necesarios</i>	<i>158.482,71</i>

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 158.482,71

=====

2º.- FINANCIAMIENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.*
- b) Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.*
- c) Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Disminución que se prop.</i>	<i>Total</i>	
12003.133	79.628,75	12.661,81	66.966,94	(1)
12009.932	5.955,02	2.708,70	3.246,32	(2)
12005.920	5.906,29	1.968,76	3.937,53	(3)
12009.920	20.900,61	1.417,50	19.483,11	(4)
12100.920	36.575,59	3.045,01	33.530,58	
(5)				
160.61900	161.041,96	129.180,93	31.861,03	(6)
135.20800	7.500	7.500	0	
(7)				

Total diminución que se propón----- 158.482,71

- (1) *Retribucións básicas (Salario base) das prazas vacantes da Policía Local.*
- (2) ***Retribución Básica (Paga Extraordinaria) da praza vacante de Interventor, correspondente a un mes de dotación orzamentaria.***
- (3) *Retribución Básica (Sueldo Base) da praza vacante de Porteiro-Alguacil, 3 meses de dotación orzamentaria.*
- (4) *Retribución Básica (Paga Extraordinaria) da praza vacante de Alguacil-Porteiro, correspondente a un mes de dotación orzamentaria.*
- (5) *Retribución Complementaria (Complemento Destino e Específico) da praza vacante de Alguacil-Porteiro, 3 meses de dotación orzamentaria.*
- (6) *Abastecemento e saneamento a Groba-As Chabolas.*
- (7) *Inmovilizado material (aluguer nave do GES).*

=====
RESUMO

- *Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería----- 0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.*
Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo ----- 158.482,71euros.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- Boa tarde a todos e todas, sobre todo aos veciños presentes no salón de plenos, é boa a asistencia dos veciños ao pleno.

A valoración desta modificación é a mesma que as anteriores, é unha ferramenta máis dos gobernos locais, se acusou inxustamente ao anterior goberno de excesivo uso.

O anterior goberno presentou no ano 2022 un proxecto para a estación de bombeo e a Xunta o denegou. Augas de Galicia, según o Consello de Contas, só executou o 20%

dos fondos europeos. E deniega sempre as peticións que fai Ribadavia. Unha parte importante da factura dos veciños, o canon autonómico va a Augas de Galicia.

Esta modificación deixa ver que se pudo ter feito antes, e incluír as facturas da Aula de Teatro.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- Boa tarde aos compañeiros e a xente que nos acompaña, as súas reivindicacións seguro que son xustas.

Parte importante da modificación orzamentaria vai a Estación de bombeo de augas residuais, o máis importante e de onde se retiran os cartos. A nave que se lle prometeu ao GES non chega, outra parte se retira do saneamento A Grova e as Chavolas. Se dice que hai que facer un novo proxecto.

Ribadavia ten un grave problema de abastecemento e saneamento, Augas de Galicia cobra o canon e non o repercute.

A xunta de goberno da deputación reparte moitos cartos a outros concellos e Ribadavia queda esquencida.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.- Os gastos correntes os compartimos. Vostedes teñen máis ingresos que nunca e sempre fan o mesmo discurso de culpar ao anterior goberno da mala situación. Hai un plan único da Deputación que antes non había e 400.000 euros de amortización. Estamos de acordo en pagar as facturas aos provedores.

Estamos de acordo en resolver o problema da estación de bombeo , pero non que pague o concello.

Augas de Galicia ten unha débeda histórica con Ribadavia. O anterior goberno conseguía máis inversións de outras administracións que este.

D Miguel García Domínguez.- O importe da modificación é 158.482,71 euros, básicamente va a modificacións imprescindibles.

Primeiro á reparación da EBAR de Extramuros , verte ao Avia e produce malos cheiros. 111.482 euros van a esa reparación urgente.

Se inviste en maquinaria do concello , e 2000 euros do incremento da prima de seguros.

Saen de gastos de persoal, que non hai no concello. O proxecto de auga potable na Grova non se pode executar, porque o proxecto era de fai dez anos, e non cumpre os requisitos actuais, houbo que modificalo.

O protocolo coa Xunta e a Deputación está subscrito.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado:votos a prol PP (6), abstención PSOE (2) , BNG(2) e RENC(1) , fica aprobada.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE AUTORIZACIÓN PREVIA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA DESAFECTACIÓN DE BAIXO ANEXO AO CEIP PLURILINGÜE RIBADAVIA..

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

–Solicitar da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia , autorización para proceder á desafectación da planta baixa do edificio anexo ao CEIP Plurilingüe Ribadavia , anteriormente de uso escolar, titularidade do concello de

Ribadavia, coa intención de destinar o mesmo a servizos de interese público.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP; reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Alcalde.- Imos a debater conxuntamente o punto catro e cinco. Lembrar que o punto cinco require maioría absoluta.

D Brais Fidalgo Martínez.- Estas dúas mocións, fundamentalmente a cinco, son exemplo de que a Xunta é obstáculo e impedimento para Ribadavia. Dende xuño se sabe que dez familias quedaban fóra da Galiña Azul , o goberno decía que se ía a solucionar, non fixeron nada. A Xunta deixa tirada a Ribadavia unha vez máis.

Temos que actuar con recursos propios á espera dunha subvención, son parches. Non nos podemos opoñer a este parche, pero non é a solución.

A desafección do edificio da Alameda se lle ofreceu á Xunta para a Galiña Azul, había 500.000 euros no orzamento de 2021 da Xunta para ese fin; non se fixo nada. De eses barros estes lodos, non se fixo nada.

Que Ribadavia faga a súa propia gardería e saia da Galiña Azul, se a Xunta non da máis que problemas.

D Xurxo Gómez Alonso.- Este problema o comentamos no pleno de maio e ofrecemos a nosa axuda. Agora faltan dez prazas. Isto é un parche, a subvención concedida é prorrogable, pero a Galiña Azul e o Punto de atención infantil van a estar separados. ¿ A subvención contempla a contratación de persoal? ¿ Por qué non asume a competencia a Consellería de Política Social?

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Isto é un despropósito, un despropósito absoluto da Xunta de Galicia e do grupo de goberno do PP. No pleno de maio se decía que non ía a haber problema. Agora o alcalde nos chama e dice que fai falta maioría absoluta.

Como condición para votar a favor pedimos estar presentes na reunión coa conselleira para que se inclúa nos orzamentos da Xunta partida para este fin.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- As dúbidas se poden aclarar en comisións. Este é un trámite previo para resolver o problema desas dez familias. Traballamos no tema , tivemos varias reunións cos técnicos da Consellería. Nos recomendaron esta solución como a máis rápida. Pensamos que se solucionaría antes, a administración funciona con lentitude. O problema da maioría absoluta non se esperaba.

D Brais Fidalgo Martínez.- Cando dixemos que non fixeron nada, falamos en base ás expectativas que xeneraron, sempre se dixo que se ía a solucionar.

Antes do verán vino o conselleiro de Educación, non sei se lle plantexou esta problemática. Se pudo ter resolto antes, se chega tarde mal e a rastras.

D Xurxo Gómez Alonso.- Non houbo solución, se falaba en base a expectativas. Nas eleccións se prometía que isto ía a ser Róterdam ou Baviera, e agora se depende dunha subvención para que os meniños vaian á escola. É moi curioso o concepto de comenzo de curso, este ano non vai a haber punto de atención á infancia.

¿ Por qué non depende o PAI da Consellería de Política Social, se vai a unir á Galiña Azul?

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Non creo que traballades tanto. A alameda non se pechou para ser un almacén. As prazas da Galiña Azul son competencia da Xunta de Galicia e obriga do goberno local demandalas.

Que haxa un compromiso para que nas reunións coa conselleira estemos presentes todos os grupos en cuestións que afectan a todo o Ribeiro.

Dª Mariluz Expósito Pérez.- En ningún momento se dixo que a principios de curso. Temos a subvención. A liña de subvención a saca a Xunta cando considera, non depende do concello.

Alcalde.- Neste tema actuamos con toda a transparencia. A instalación non pertence á Consellería de Política Social; a subvención é para instalacións de titularidade municipal. A visita do conselleiro non tivo nada que ver con este tema.

A subvención é parte para obra, parte para mantemento e parte para persoal.

No momento en que se convoca a liña de axudas, o concello xa tiña o proxecto feito.

De momento está en edificios separados da Galiña Azul.

O PAI é para 20 prazas, resolvería a demanda para moito tempo, ogallá fose insuficiente.

Cando haxa unha reunión coa conselleira non hai ningún inconvinte en que haxa representantes dos grupos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (6); abstencións PSOE, BNG e RENC, fica aprobada.

5.- . APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE USO URBANÍSTICO DE BAIXO ANEXO AO CEIP PLURILINGÚE RIBADAVIA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

– Modificar o uso previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal para o local , que actualmente forma parte do CEIP Plurilingue Ribadavia, situado na planta baixa dunha edificación de baixo máis unha altura, con acceso directo á parcela, a través dun patio interior existente entre dúas edificacións. REFERENCIA CATASTRAL: 0931312NG7803S, RUA CARBALLIÑO 25 NO RUEIRO MUNICIPAL DE USO DOTACIONAL, CLASE EDUCATIVO A USO DOTACIONAL , CLASE ASISTENCIAL, CATEGORÍA 5ª..

-Publicar o presente acordo no boletín oficial da provincia e no diario oficial de Galicia.

–Comunicar o acordo , en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , BNG. e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado,votos a prol PP PSOE, BNG e RENC, fica aprobada por unanimidade.

6.-MOCIÓN RENC PARA QUE O CONCELLO BUSQUE SOLUCIÓN Á DIRECCIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame , coa emenda engadida na sesión:

1. Que o Concello de Ribadavia chegue a un acordo coa actual dirección da aula de teatro de Ribadavia.

2. Que se convoque a todos os grupos municipais as reunións, e se chegue a unha posición de consenso entre as partes.

3.-No caso de non chegar a un acordo coa iniciadora da Escola e actual directora, que se inicie un procedemento de contratación público.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC e BNG reservanse para o pleno os membros de ,PSOE . e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martínez.- Intentarei resumir o problema. En agosto o noso grupo pediu ao goberno que fose sensible a demanda do alumnado da Escola de Teatro . Os gastos en cultura para nos son investimentos, é un servizo que se presta a toda a comarca.

Os gobernos deben ter vocación de chegar a consensos, aínda se está a tempo. O pleno está cheo, da un mensaxe de que é importante para boa parte da sociedade.Pide ao goberno que se rectifique, que se suba o nivel da Aula de Teatro. Se o goberno non

quere rectificar que a dirección saia a concurso cun orzamento que merezca a pena. Fai falta investir se se quere que un servizo aumente o nivel. Moita xente apoia estas reivindicacións. O de que hai moitas facturas sen pagar é unha excusa. Houbo remanente de crédito que se destinou , en parte, a aumentar as partidas das festas. Hai que decir que se quere destinar máis a festas e menos a cultura.

D Xurxo Gómez Alonso.- Hai que facer unha serie de consideracións sobre o que pasa coa Escola de Teatro.

Non hai ningún problema económico ou financeiro, algún concelleiro chegou a decir que era unha ruina, hai un cambio de modelo.

O goberno adxudica a nova aula de teatro por un orzamento de 18.000 euros; é pouco elegante cando hai un conflito aberto. O concello vai a investir cero euros na Escola de Teatro, os gastos os cubre a matrícula. Hai un cambio de modelo cultural, a Aula de teatro aumenta cada ano a matrícula. Segun as palabras do goberno habería que orzamentar 30.000 euros, 15.000 os cubre a matrícula. Os gastos hai que poñelos en contexto; 15000 euros para un servizo no que o alumnado está contento, 15000 euros para un grupo musical que actúa dúas horas.

Habia que facer un contrato maior, por concurso, a actual directora podía gañar o concurso ou non, pero se podería presentar.

Deducimos que hai un cambio na xestión cultural en Ribadavia, seguindo o modelo de Ourense, a reflexión é que cultura queremos en Ribadavia , a efímera ou a de calidade. Da xente quedan as accións ,dentro de cincoenta ou cen anos podemos ser os que destruimos ou mantivemos o teatro en Ribadavia. Se Abrente no seu momento se deixase porque era moi caro.

Coa moción buscamos que o teatro non dependa do goberno de turno e que haxa un orzamento serio para o teatro en Ribadavia.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.- Creemos que a Escola de Teatro é un servizo que funciona ben e por iso crece. Habería que ter feito un concurso público.

Parece un despropósito co conflito plantexado publicar na páxina do concello que hai contratada unha nova dirección.

Tanto a directora da Escola de Teatro como os alumnos son exemplares.

Se presume de que Ribadavia é a berce do teatro en Galicia , e non apoiamos a directora e os alumnos.

Alcalde.- Sempre houbo un diálogo fluído coa escola municipal de teatro. Había moitos

problemas que se explicaron en reunións cos eiquí presentes. Estamos contentos co funcionamento da escola municipal de teatro, recordar que o primeiro ano que funcionou foi o 2019 co PP no goberno municipal.

Tamén é claro que a situación da aula non era a adecuada. Non medrou en orzamento e gasto, só en gasto, iso xeneraba un desequilibrio. En setembro de 2023 houbo que facer unha modificación de crédito de 10.000 euros, medrou o gasto non o orzamento. O orzamento municipal ten que cubrir o gasto. Non é unha cuestión laboral, se trata dun contrato administrativo de servizos. A nosa intención é evitar problemas, axustar a aula ao orzamento do concello. Nos gustaba o traballo, se buscou a fórmula para que a directora continuase. Non houbo acordo coa postura do concello dun orzamento de 18.000 euros, era asumible polo concello e permitía a continuidade da anterior directora. É lexítimo que a anterior directora teña outra visión.

Actuamos con honestidade absoluta, tivemos que tomar unha decisión e asumimos as consecuencias, a nosa premisa fundamental foi a continuidade na prestación do servizo. Ao non acadar un acordo coa anterior directora, se buscan solucións baixo a premisa da continuidade no servizo. Senon o debate sería que non hai servizo.

Houbo múltiples reunións co alumnado e coa dirección, nos sempre dixemos o mesmo, que recursos se podían destinar.

¿ Qué se podía apostar por dotar con máis cartos a Escola? Era outra opción.

A nosa proposta era a continuidade da Escola de Teatro, solventando o problema económico. Había un problema xurídico, o contrato se adjudicaba polo importe de contrato menor, pero o importe real era superior, estaba en fraude de lei.

D Brais Fidalgo Martínez.-Aclarar dúas cuestións. Se debía ceder por uns e por outros. As verdades a medias son dobres mentiras. Os gastos da escola medraban porque aumentaba o número de alumnos e as intervencións, e todo o mundo estaba encantado. Nos programas das eleccións todos falan de apoiar a Escola de Teatro. 15.000 euros para Ribadavia non é nada. A Deputación debería colaborar economicamente.

Nas comisións informativas se recoñeceu que era unha decisión do goberno que a Aula de Teatro tivera unha dotación de 18.000 euros. Se prefire destinar o diñeiro a outras cousas, esa é a realidade. O alumnado e os grupos lle pedimos ao goberno que rectifique.

Pediría que o alcalde lle de a palabra a algúen do público.

D Xurxo Gómez Alonso.- Que interveña o público.

Alcalde.- Hai un regulamento de participación cidadan aprobado polo pleno por unanimidade. Nel se indica que se pode intervir, sempre que cunha antelación de alomenos catro días se formule a pregunta concreta que se quere plantexar, non se cumpre o indicado no regulamento. Hai que respectar o regulamento aprobado polo pleno.

D Brais Fidalgo Martinez.- Debe recordar que noutras sesións falou o público. Se hai vontade de que se fale, non perxudica a ningún. Debería ser máis flexible.

D Xurxo Gómez Alonso.- Todo é para dicir que o concello non quere gastar 13.000 euros. Os gastos da matrícula son para ese fin. Hai 30000 euros de gasto, 13000 euros de matrícula; faltan 13000 euros, Se lle deben aínda 15000 á directora.

Dª María Teresa Rodríguez Estevez.- Cando toda esta xente está eiqui será por algo. Nos presentamos un escrito o 5 de agosto pedindo unha reunión de todos os grupos coa directora. É unha falta de respecto obviar aos grupos da oposición. Se fala dun problema económico, de débeda grande coa directora ¿ Que tipo de servizo se garantiza cando se pasa de 11 a 7 aulas? A directora pediu facer unha proposta e non se lle contestou. Non queren unha escola de teatro decente, cada vez con máis alumnos. Non quiseron chegar a un acordo cunha persoa de Ribadavia que traballa por Ribadavia.

Dª Noelia Rodríguez Travieso.- Dican que o gasto se incrementou, se non hai partida ¿ por qué non se incrementou?

O proceso de contratación foi un despropósito e unha falta de respecto.

Dª Rosa Puga Dávila.- A petición de intervención se remitiu por rexistro de entrada.

Alcalde.- Imos a permitir a intervención no plenario da anterior directora da escola de teatro.

Dª Rosa Puga Dávila.- En primeiro lugar, moitas grazas á xente que se atopa hoxe eiqui, é positivo que os cidadans sepan o que pasa. Grazas por poder falar.

Houbo moitas reunións, sí pensei que había unha certa vontade de acordo, que se recoñecía o logrado, como agora fan todos os partidos. O diálogo foi fluido, pero foi

unilateral, se propuso algo, se deron outras opcións. Eu me neguei, dende o primeiro momento, a un contrato menor. Na última reunión, na que estivo presente Paco Bouzas, chegamos ao compromiso de que a Aula de Teatro ía saír a concurso por 23.000 euros. Era un orzamento baixo, eu me constituíria como sociedade limitada. Paco Bouzas dixo que veríamos se me podía presentar ao concurso con ese orzamento baixo, eu estaba esperando o concurso.

O día 29 de xullo se me cita e se me ofrece un contrato menor de 18.000 euros. Con esa cantidade non se poden ter unhas condicións laborais dignas. Nunca fixen tantos números, descoñezo a fórmula para poder funcionar con esas cantidades.

No comunicado de xullo foi conciliadora. Pasou o que pasou, se terxiversaba o falado en conversas de terrazas, despois do meu esforzo deste anos. A nivel persoal me dolió. Un servizo que demostrou tanto, que os pais, as nais, alumnos e alumnas fixeron posible. Eu teño eiqui todas as facturas ben explicadas. Me doe que se utilice a profesora para xustificar unha decisión de este tipo despois da miña entrega de estes anos.

Facerlle creer a un pobo que algo non se pode, cando era o pobo o que o sostenía.

Eu esperaba un concurso público que era o acordado. A aula de teatro non é o meu chiringuito. Que non se me utilice de forma que eu non tiña a posibilidade de defenderme

Desexo toda a sorte do mundo a persoa que veña, a cultura debería estar por riba de estas cerrazóns. Que se bote pola borda algo que costou tanto facer, con setenta e catro alumnos. A transición vai a ser difícil, con cambios bruscos a xente pode non entenderse.

Eu non son a responsable de que a Aula non siga. Moitas grazas.

Alcalde.- Eu me quedo co último que dixo. A miña actitude foi impecable en todo momento. Nadie tivo motivo para sentirse ofendido nin molesto en ningún momento. Antes posturas diferentes sobre unha cuestión nos temos, como responsables, que salvaguardar o servizo. É a nosa decisión, a nosa responsabilidade e asumimos as consecuencias. A nosa decisión é que haxa un servizo de calidade dentro das posibilidades do concello.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE (2), BNG (2), RENC (1), votos en contra PP (6), non fica aprobada.

7.- MOCION RENC PARA QUE O CONCELLO CONSIGA A REHABILITACIÓN DA PONTE DE SAN FRANCISCO..

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

Ribeiro en Común volve reivindicar que se adopten medidas por parte do goberno local e do Concello para que a ponte de San Francisco sexa mellorada.

Reclamámolo na oposición, intentámolo no goberno de coalición, e seguimos a demandalo.

A Ponte de San Francisco é titularidade da Xunta, sendo polo tanto a Consellaría de Infraestruturas a máxima responsable da súa conservación, mellora e rehabilitación. O cal non é tampouco óbice para que o Concello de Ribadavia non teñamos a nosa cota de responsabilidade, fundamentalmente na súa limpeza, mantemento e sobre todo reclamación e demanda á Xunta de Galicia, como titular da mesma.

A de San Francisco é unha ponte histórica. Denominada a ponte do burgo, aparece en documentos do XIII, tivo importantes modificacións no XVII e sobre todo a mediados do XIX, cando se trazou o paso da estrada xeral "Vigo- Villacastín", e que lle dá o seu aspecto moi próximo ao actual.

O seu estado é moi malo e urxe unha mellora. A súa historia e importancia actual, ademais de estar no centro da rúa principal de Ribadavia, continúa sendo unha arteria comunicativa principal. Sen embargo, esta importancia en todos os seus aspectos nunca foi abordada como se merece por parte da Administración autonómica.

Sen embargo, outras pontes si foron arranxadas con investimentos importantes na nosa comarca por parte da Xunta.

Reforzo da súa seguridade, limpeza, adaptación a normativa vixente do cableado e tubaxes que soporta, e realización dun Proxecto para a súa rehabilitación e adaptación ao século XXI, mantendo a súa esencia e beleza.

1. Que o Concello de Ribadavia demande a Xunta a súa rehabilitación.

2. Que o Concello de Ribadavia demande a colaboración da Deputación neste Proxecto.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC e BNG, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE , . e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Brais Fidalgo Martinez.- Por desgraza non houbo rectificación do goberno. Reiterar o agradecemento a Rosa Puga pola súa intervención e a súa capacidade de diálogo, e ao público asistente e ao seu comportamento.

Levamos moitos anos facendo fincapé en que a Xunta faga unha mellora estrutural

profunda de esta instalación. Hai promesas de investimentos para a ponte da Foz en Arnoia.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.- Non entendo como se pode votar en contra a unha moción que leva por título, por un aula de teatro de calidade para Ribadavia.

É un monumento do que a maioría dos ribadavienses presumen, a visión dende a ponte é fermosísima.

D Luis Gulín Iglesias.- Imos a apoiar a moción de Ribeiro en común, é unha infraestrutura moi importante para Ribadavia, tamén como vía de comunicación para a xente que ven dende Arnoia.

8.- MOCIÓN BNG POR UN AULA DE TEATRO DE CALIDADE AO SERVIZO DA CULTURA E DA CIDADANÍA.

A comisión especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica, Persoal, Emprego, Urbanismo, Casco Histórico, Vitivinícola e Obras na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. A creación dun Consello Escolar onde estén representados todos os membros da comunidade educativa teatral, e que sexa órgano consultivo preceptivo ante calquera decisión que afecte á Aula de Teatro.
2. Dotar á Aula de Teatro dun Orzamento anual estable, suficiente e plenamente executado.
3. Garantir que ningún demandante deste servizo quede sen praza.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC, PSOE BNG , voto en contra PP, non fica aproba

9.- MOCIÓN PARA QUE XUNTA E CONCELLO LLE DEAN UHNA SOLUCIÓN ÁS FAMILIAS EXCLUIDAS DA GALIÑA AZUL DE RIBADAVIA.

A comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadan na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

- 1. - Instar á Xunta a aumentar de maneira urxente o número de prazas na Galiña Azul.**
- 2. -Tomar medidas inmediatas para evitar que familias de Ribadavia queden sen praza na Galiña Azul.**
- 3.- Solicitar que a Xunta recupere e impulse o anteproxecto presentado para a nova Galiña Azul no edificio do antigo Colexio da Alameda.**
- 4.- Solicitar que a Xunta teña en consideración as reivindicacións das traballadoras do Consorcio Galego de Benestar, e en concreto a das traballadoras da ESCOLA INFANTIL GALIÑA AZUL DE RIBADAVIA, cuxa boa labor é a base de que este servizo público teña tanta demanda.**

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC E BNG, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.– O goberno dirá que xa lle deron solución.

Alcalde.– Estamos en ello, ogallá a tivesemos dado.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.– Nos xa tiñamos preguntado se algún neno ía a quedar fora. Agora se pide a desafectación, imos a estar moi pendentes e esixir que o punto de atención á infancia se faga o antes posible. Non sabemos se vai a ser a solución. A desafectación do edificio da alameda foi coa promesa de que se ía a facer a Galiña Azul, e está de almacén e para colocar as mesas electorais. Isto chega tarde, en agosto pechan as administracións, había que ter tomado cartas no asunto moito antes.

D Brais Fidalgo Martínez.– A moción buscaba unha solución inmediata, duradera e de futuro.

Que a Xunta de Galicia recupere o proxecto que xa existía. Que se reitere á Xunta esta reivindicación.

Que se atendan as reivindicacións das traballadoras, que as segue habendo. A mellor proba de que a súa labor é boa é o demandado que está o servizo.

D^a Noelia Rodríguez Travieso.– Temos o compromiso do alcalde de que haberá unha reunión coa conselleira na que demandaremos o que se pedía fai cinco anos. A solución do punto de atención infantil é unha improvisación.

D^a Mariluz Expósito Pérez.– O fundamental é dar unha solución a estas familias.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez.– Agradecer o apoio e as abstencións, que non haxa voto en contra, é dos servizos máis importantes que pode ofrecer un concello.

Sometido a votación o ditame obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RENC; abstención PP, fica aprobada.

10.- MOCIÓN PARA QUE A XUNTA MANTEÑA O ACTUAL CANON AOS CONCELLOS ADSCRITOS A SOGAMA E INSTAURE UN SISTEMA DE RECICLAXE E REUTILIZACIÓN.

A comisión de Servizos municipais, medio rural, medio ambiente ,parques e xardíns na súa sesión de data 23 de setembro de 2024 adoptou o seguinte ditame

1. Que o Concello de Ribadavia demande a Xunta que paralice a anunciada suba do canon que os concellos galegos pagan a SOGAMA, e que redundará na suba aos veciños e veciñas.

2. Que o Concello de Ribadavia inste a Xunta a adoptar medidas encamiñada a un novo sistema de tratamento de residuos baseado na reciclaxe, redución, reutilización e reeducación, fronte ao costoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baseado na incineración.

3. Solicitar a creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, RENC E BNG, reservanse para o pleno os membros de ,PSOE e PP. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Xurxo Gómez Alonso.– Facendo un exercicio de memoria histórica, fai uns anos en Carballeda de Avia se quiso facer polo bipartito un Parque Ambiental. O PP e os que agora gobernan Ribadavia dixeron que era un desastre medioambiental e un modelo desfasado. Quemar e enterrar é o modelo de Sogama. O PP nos vai a decir que a culpa é de Pedro Sánchez. É unha sanción aos cidadáns porque a Xunta non fai o seu traballo. Que pague a Xunta cos seus orzamentos e que haxa un cambio do modelo Sogama.

D Luis Gulín Iglesias.–

Desde o PSdeG reclamamos a Rueda que a Xunta asuma o 100% da subida do canon de Sogama para que a súa mala xestión non a paguen as economías familiares co encarecemento do recibo do lixo.

A subida do canon de Sogama ven provocada polo imposto que establece Europa ao considerar que o seu sistema de tratamento de residuos é o máis nocivo desde un punto de vista medioambiental e de eficiencia (tras a redución e a reciclaxe). O imposto grava a incineración e o depósito en vertedoiro, que deberían ser as últimas opcións na xerarquía de xestión de residuos e que son as que usa Sogama de forma prioritaria:

De feito, estes datos do 2022 (últimos publicados) así (últimos publicados) así o reflicten:

Incineración 60.47% Incineración

21%vertedoiro

18% reciclaxe.

Tras as presións Rueda viuse obrigado a anunciar que a Xunta asumiría a subida, pero di que só do 60%, o que rexeitamos porque consideramos delirante que avance que vai asumir só unha parte da subida dun canon que el mesmo recada e que é provocada pola súa negligente xestión.

Pedimos a Rueda que asuma o 100% da subida do canon.

Que cambie de forma consensuada coa FEGAMP o modelo de xestión de Sogama para evitar que cada ano sexa maior o gravame.

No 2014, o PP subiu o canon de Sogama un 33,5%, o que provocou un gran rexeitamento nos concellos e á FEGAMP. Posteriormente e coa proximidade electoral, a Xunta aprobou no 2019 unha bonificación do 10% do canon de Sogama co fin de incentivar aos concellos para que impulsasen mellores políticas de xestión dos seus residuos e intentaron retirala no 2023 con moita polémica. Ante a presión social e política cambiaron esta bonificación por unha do 15% para incentivar a recollida orgánica.

Este verán, a pesar da oposición do PSdeG e da FEGAMP, a Xunta e Sogama anunciaron a supresión da bonificación do 15% e o incremento do canon este ano e para o 2025 co conseguinte aumento dos recibos do lixo.

Coa supresión da bonificación castigan aos concellos que durante estes anos si fixeron os deberes e cumpriron os compromisos medioambientais xa que impoñen un canon único e incrementado para todos sen ter en conta e sen diferenciar os que están a cumprir e a avanzar cara unha xestión mais sostible e os que non.

As subas do canon serían as seguintes:

Este ano, o canon pasaría de 66 €/t a 78 €/t. A media serían 78 euros pero queda en 66 euros porque lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación

local (é dicir, do fondo para os concellos, que ven como se perde ese diñeiro para outras actuacións).

Pero a Xunta anunciou tamén unha nova suba no ano 2025, cando a cota pasará

dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un segundo gran impacto nas arcas municipais e no recibo da veciñanza.

O PP da Xunta culpa a Pedro Sánchez e a Lei de residuos do ano 2022 (sempre a mesma escusa para non asumir responsabilidades pola súa mala xestión), pero a realidade é que España tivo que adaptar a lei á Directiva europea do ano 2018, que antes se citaba e que grava fórmulas de xestión de residuos que non son recomendables medioambientalmente, e que xa se aplica na maioría dos países europeos.

A Xunta de Galicia se recauda a si mesma.

Pedimos a Rueda que asuma o 100% da subida do canon.

Que cambie de forma consensuada coa FEGAMP o modelo de xestión de Sogama para evitar que cada ano sexa maior o gravame.

D^a Mariluz Expósito Pérez.– Imos votar en contra.

D Xurxo Gómez Alonso.– Parece que os vosos votantes non paguen impostos, algún día tereis que poñeros da súa parte; pensade nos vosos votantes ao votar.

D Brais Fidalgo Martínez.– Os grupos cando presentamos unha moción leva tempo preparala e hai unha preocupación detrás. As facturas aos veciños van incrementarse no 2025, a explicación que van a dar será que a culpa é de Pedro Sánchez.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado: votos a prol PSOE (2) , BNG(2) e RENC (1); votos en contra PP (1), fica rexeitada.

11.- MOCIONS DE URXENCIA.

Non houbo.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

D Brais Fidalgo Martínez.- Seguimos esperando que se arranxe a ponte da Veronza, non se tiveron en conta as achegas dos grupos.

¿ Por qué faltou o pediatra o día 22 de agosto?

Houbo un investimento millonario da Xunta e da Deputación, 14 millóns de euros, para residencias de maiores na provincia; Ribadavia excluída.

Solicitar que o alcalde retome as xestións para que a nova residencia teña as axudas que merece.

Que se arranxe o muro da rúa Fornos.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- ¿ Que vai a pasar coa obra de Ventosela, se vai a facer?

Alcalde.- Se vai a facer.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Que se convoque o Padroado da Fundación de Prexigueiro.

Hai un obradoiro de emprego para vinte alumnos, preguntar si é Ribadavia soa e con outros concellos.

Alcalde.- É con outros concellos, escomenza o 1 de xaneiro.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Que se explique o proxecto de reforma da biblioteca.

Alcalde.- O proxecto está a disposición dos concelleiros, é mobiliario e unha pequena obra. Está en proceso de adxudicación.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- ¿ Quen pagou o proxecto dos micropaisaxes?

Alcalde.- Foi unha subvención da Xunta ao 100%.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- ¿ Se está pagando o alugueiro do edificio para o albergue?

Alcalde.- Non.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez.- Preguntar pola dirección da Mostra de Teatro e pola praza vacante de arquitecta.

Alcalde.- A dirección da MIT é unha cuestión importante a resolver, se contará coa opinión do actual director.

Sobre a praza de arquitecta aínda non hai decisión.

E sendo as dez horas e trinta e cinco minutos a presidencia levanta a sesión.